

# CONSIGUE O TEU DOUTORAMENTO NO IIM-CSIC

+INFO  
[Preme aquí](#)

AXUDAS DE APOIO Á ETAPA PREDOUTORAL  
DA XUNTA DE GALICIA

Contacta antes do 12 de marzo



O Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC en Vigo (IIM-CSIC) ofrece **1 tema de investigación** para solicitar un **contrato predoutoral** de máximo 4 anos de duración connosco, dentro do programa das [Axudas de Apoio á Etapa de Predoutoral da Xunta de Galicia 2024](#).

A candidata ou candidato **deberá ter rematado os seus estudos de acceso ao doutoramento** (acreditar o título oficial de mestrado e, no caso da liña ofertada no IIM, ter licenciatura ou grao relacionado con Bioloxía, Biotecnoloxía ou Ciencias do Mar). O grao debeu ser acadado despois do 1 xaneiro de 2020. Así mesmo, deberá estar matriculada/o nun programa oficial de doutoramento dunha universidade do **Sistema Universitario de Galicia (SUG) para o curso 2023/2024**.

## NOVIDADES DESTA CONVOCATORIA

### Por que o IIM?

O Instituto pertence ao [Consello Superior de Investigacións Científicas](#), a maior organización de investigación pública de España, a terceira de Europa e a sétima do mundo.

O IIM-CSIC é un dos institutos líderes en investigación mariña en España, cunha actividade realmente diversa e unidades estratéxicas propias de Internacionalización e Transferencia, e Cultura Científica. Baseados na cidade de Vigo, ofrecemos unha contorna de investigación dinámica que impulsa a carreira do noso persoal, ampliando as súas redes de colaboración e aumentando o seu impacto real na sociedade.

### CSIC | O marco perfecto para unha investigación excelente



>120 Centros de Investigación  
(15 en Ciencias Mariñas)



8 buques oceanográficos\*  
1 Base Antártica  
(\*1 en construción)



> 10.000 persoal  
investigador e de apoio

### O Instituto de Investigacións Mariñas (IIM-CSIC) | Cifras para 2022



73 proxectos activos  
>5M€ en fondos



20 contratos I+D  
e convenios  
(~3.7M€ de novos fondos)



143 artigos publicados  
>100 accións de cultura e  
diseminación científica



191 persoal investigador e  
de apoio

# Traballando dende as rías, cunha perspectiva global

## NO IIM, XERAMOS COÑECEMENTO...



### Sistemas oceánicos e costeiros

CO<sub>2</sub> e acidificación  
Correntes oceánicas  
Ciclos de nutrientes  
Fitoplancto e pigmentos  
Metais e terras raras

### Vida e ecosistemas mariños

Pesca sostible  
Acuicultura sostible  
Novas especies en acuicultura  
Especies vulnerables  
Enfermidades en peixes e bivalvos

### Sistemas e procesos biolóxicos

Seguridade alimentaria  
Calidade e trazabilidade  
Compostos bioactivos  
Enxeñaría de bioprocesos

## ...PARA ACADAR OS NOSOS OBXECTIVOS

O IIM-CSIC é un centro de investigación multidisciplinar que pretende contribuír aos obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU a través de 3 Obxectivos de Investigación propios, que estruturan o seu traballo para dar resposta a retos globais e problemáticas locais:

- Océanos e clima** | Ser capaces de predicir o cambio global e desenvolver accións para combater e mitigar os seus impactos
- Biodiversidade mariña e conservación** | Ser capaz de utilizar os recursos mariños e oceánicos de forma sostible.
- Alimentos, bioproductos e saúde** | Para alcanzar un suministro seguro de alimentos que melloren a nutrición, a saúde e o bienestar.



Ademais destes 3 obxectivos de investigación, o IIM persegue tamén unha serie de obxectivos transversais, relacionados co desenvolvemento do talento, a transferencia de coñecemento e tecnoloxía, así como a implicación coa sociedade para acadar un desenvolvemento sostible e valores éticos. Para iso contamos con comités e unidades estratéxicas especializadas que te acompañarán durante a túa estadía connosco.



## Proceso de solicitude & proxecto ofertado

Contacta coa potencial supervisora do traballo **antes do 12 de marzo de 2024**

Contacta coa supervisora do tema de investigación, achegando o teu CV e o teu expediente académico, para obter máis detalles do proceso de selección e solicitude antes do 12 de marzo de 2024.

Considera que unha vez que contactes e se te seleccionamos, a supervisora e ti teredes que discutir, escribir e completar unha solicitude conxunta para a Axencia Galega de Innovación - Xunta de Galicia.

Recomendamos que contactes coa supervisora, Camino Gestal, o antes posible!.

### PREGUNTAS FRECUENTES RECOLLIDAS NA CONVOCATORIA

1.

## Inmunidade no polbo: novas estratexias para o avance do benestar animal nunha acuicultura sostible

O **polbo común**, *Octopus vulgaris*, forma parte dunha rama evolucionada de moluscos que presenta características máis desenvolvidas que o resto do seu grupo, o que o converte nun modelo animal invertebrado moi utilizado. Non obstante, o coñecemento do seu sistema inmunitario é limitado.


O **polbo tamén** é unha especie comercialmente importante e cuxa acuicultura está en desenvolvemento a nivel industrial. Para protexer este importante recurso pesqueiro en Galicia, actualmente sobreexplotado, e abastecer a demanda do mercado, é necesario desenvolver **unha acuicultura eficiente e sostible** que garanta **a saúde e o benestar dos animais**. Para iso, unha das prioridades é a prevención e control das enfermidades, así como a mellora da súa capacidade de defensa e resposta inmune fronte a patóxenos e agresións externas.

O proxecto de tese centrarase na identificación e estudo das **moléculas efectoras do sistema inmunitario** nestes invertebrados. Utilizaranse ferramentas moleculares de secuenciación masiva como **transcriptómica** de célula única e **proteómica Shotgun** para a caracterización de células e identificación de xenos e proteínas implicadas na loita contra os patóxenos e na resposta inmune desta especie.

**Requisitos:** Licenciatura ou grao en Bioloxía, Biotecnoloxía ou Ciencias do Mar. Valorarase formación en xenética e bioloxía molecular.

**Nota media mínima esixida:** 8

Supervisa:

 **Camino Gestal**  
cgestal@iim.csic.es

Grupo  
Patobioloxía Molecular  
Mariña

Para máis detalles das ofertas e información, visita a nosa web ou busca:

 [iim.csic.es](https://iim.csic.es) + predoc 2024

▶ Contacta coa supervisora **antes do 12 de marzo do 2024**